

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres 17 de agosto de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.- Aprobación da acta da sesión anterior nº 15/2018 do 3 de agosto

Servizo de Asistencia Técnica a Municipios

2.- Aprobación da emisión dun informe sobre o "Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Monte Toural" no que se indica, en relación coas obras proxectadas, as observacións realizadas polo Servizo de Vías e Obras en materia de estradas e polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios no referente ás materias ambiental e de ordenación urbanística e territorial

3.- Aprobación da emisión dun informe sobre a separata técnica do "Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Bustelo" no que se indica, en relación coas obras proxectadas, as observacións realizadas polo Servizo de Vías e Obras en materia de estradas e polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios no referente ás materias ambiental e de ordenación urbanística e territorial.

4.- Aprobación da emisión dun informe desfavorable sobre o proxecto do Plan xeral de ordenación municipal de Cabana de Bergantiños, no que se aproba inicialmente, consonte co anteriormente expresado no pronunciamento efectuado polo Servizo de Vías e Obras en relación ao informe desfavorable emitido por ese Servizo o 08.06.2018 e cuxas observacións foron recollidas no informe aprobado en Xunta de Goberno o 20.07.2018.

5.- Aprobación da emisión dun informe favorable sobre o "Proxecto de construción do Plan de seguridade viaria na AC-552 Treito A Coruña-Carballo P.Q. 2+100 A 3+000 " en relación exclusiva con esta intervención sectorial e consonte coas observacións que constan anteriormente expresadas no pronunciamento efectuado polo Servizo de Vías e Obras.

ROGOS E PREGUNTAS